As princesas tamén se tiran peidos - Ilan Brenman

Arrastrar e ordenar as partes do conto segundo a orde en que os eventos ocorren na historia.

INICIO

DESENVOLVEMENTO

DESENLACE

LIVEWORKSHEETS

O pai, a quen lle gustaban os libros e as boas historias, como a súa filla, levantouse, dirixiuse á biblioteca, mirou a Laura e lle O pai, a quen lle gustaban os libros e as boas historias, como á súa filla, levantouse, dirixíuse á biblioteca, mirou a Laura e fixolle un xesto co dedo sobre os seus labios. Dicíalle que debían permanecer en silencio. Tras uns minutos de búsqueda, o pai atopou un libro que, polo seu aspecto, debía de ter máis de douscentos anos.

— Que é iso, papá?

O pai puxo cara de misterio, achegouse coa súa filla ao escritorio, pechou a porta da biblioteca e díxolle, nun susurro:

— Este é o libro secreto das princesas.

— E que conta este libro, papá?

— Tódolos secretos das princesas máis famosas do mundo.

Incluso hai un capítulo titulado «Problemas gastrointestinais e flatulencias das princesas máis encantadoras do mundo».

— Problemas gastrointestinais e flatulencias das princesas máis encantadoras do mundo? Que quere dicir iso, papá?

— Neste capítulo temos algúns relatos moi secretos sobre os peidos que se tiraron as princesas. Por quen queres que empecemos?

— Por Cincenta, papá, por Cincenta!

O pai pasou algunhas páxinas do libro, hasta que chegou á que buscaba, leuna e díxolle á súa filla:

— Recordas a noite do baile de Cincenta?

— Si!

— Aquela noite, ela estaba moi nerviosa. Antes de ir ao baile, comérase dúas barritas de chocolate que a madrastra tiña escondidas na despensa. Á hora do baile, o príncipe apretou moi forte a cintura de Cincenta, ela non o puido soportar e soltou un bo peido, xusto no mesmo momento no que o reloxo daba as campadas de medianoite.

— Caramba, papá! Iso quere decir que o príncipe non o notou?

— Non, filla.

— Pero, aínda que as princesas se tiren peidos, continúan sendo fermosas princesas, verdade, papá?

— Xa o creo, filla. Son as princesas máis fermosas do mundo, pero ata as princesas soltan algún peido. O importante é que non contes este segredo por aí.

Ao regresar da escola, Laura chamou ao seu pai e preguntoulle:

— As princesas tamén se tiran peidos?

Por que queres saber iso? — preguntoulle o seu pai, curioso.

— É que, na escola, din cousas... Pero, antes de contarche o que pasou, quero que respondas á miña pregunta.

— Penso que si, que as princesas tamén se tiran peidos — respondeulle seu pai, con toda a delicadeza do mundo.

— Non pode ser, papá; a discusión que tivemos na escola foi por iso. Marcelo díxonos, ás nenas, que Cincenta tirábase moitos peidos. Todas dixémoslle que iso era imposíbel, que ningunha princesa do mundo tírase peidos. Pero agora penso que Marcelo podería ter razón... Papá, ti como sabes que as princesas se tiran peidos?

LIVEWORKSHEETS